



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

EXPTE. 2022/G010/000008

**ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA
CONCELLO PLENO
7 DE NOVIEMBRE DE 2022**

Sres./ Sras. Asistentes:

Sr. Alcalde-Presidente:

D. Eduardo J. Parga Veiga

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Miguel Ángel Fernández Mirás

Dna. M^a Soledad Blanco Gorín

Dna. Noelia Freijeiro Novo

Dna. María del Pilar Doldán Pose

D. Walter Pardo Añón

D. Sergio Manuel García Villar

Dna. María Manuela Álvarez Rey

D. José Ángel Garrido Suárez

Dna. Leticia Naya Varela

D. Miguel Ángel Varela Varela

D. Alfredo Cañizo Garrido

Escusa a súa asistencia:

D. Fernando Rodríguez Baldomir

Secretaria:

Dna. M^a Loreto López Fernández

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 8:36 horas do día **sete de novembro de dous mil vinte e dous** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Eduardo J. Parga Veiga, asistidos da Secretaria da Corporación, Dna. M^a Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria**, solicitada por catro concelleiros/as da Corporación.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA

1º- Poñer en coñecemento e someter a debate calquera documentación, actas ou informes dos resultados de todas as análíticas practicadas á auga da rede pública municipal nos dous últimos meses que obren en poder do Concello de Malpica.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2º.- Dar conta de todo calquera tipo de comunicación remitida polo organismo competente da Xunta de Galicia en relación a esta situación nas que se indiquen rexistros de calidade de auga municipal, analíticas ou incumprimentos de parámetros que establezan que a auga non conta coa suficiente calidade para ser apta para o consumo humano. Con expresión de data, hora e forma de recepción das mesmas.

3º.- Someter a debate e dar resposta ás seguintes preguntas que se deixan propostas por escrito:

- a) Dende que día a auga pública non reúne os requisitos precisos para ser apta para o consumo mediante inxesta?
- b) Explicación de como foi o proceso levado a cabo para descubrir que a auga da rede municipal non era apta para consumir.
- c) Tomáronse medidas previas co obxectivo de reducir os parámetros THM con anterioridade á comunicación da alerta?

O Sr. Alcalde-Presidente dá a palabra ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Antes de nada me quería queixar polo horario do pleno, paréceme que horario do pleno, ás 8:30 da mañá é un horario indecente para que a xente poda vir, pero parece que hoxe hai persoas interesadas en que pasou co auga. Ás 8:30 da mañá sabemos todos o que hai. A potestade de convocar o pleno é do alcalde o horario é do alcalde, non? En primeiro lugar queixarme da hora, non só por min senón por todos aqueles que se queixan da hora dun pleno tan importante do concello.

O día 13 de agosto, ás seis e media, recibo unha chamada do Sr. Parga para convocárame con urxencia e que vaia ao seu despacho da alcaldía, canto antes, por un tema de absoluta prioridade e gravidade. Serían as sete e media cando chego, alí está o alcalde, o tenente de alcalde, o concelleiro de medio ambiente e o voceiro do BNG, séntome na mesa e me comunican que a auga municipal non é apta para o consumo humano, tanto para beber como para cociñar con ela, pero si para hixiene persoal, e que decidiron poñer un bando, que o está redactando unha funcionaria a cal entra cunha copia para que se revise se está ben.

Fálase de como se debía actuar e digo que se debía dispoñer dun trailer con auga para o veciños e veciñas porque non vai dar tempo a coller auga nos supermercados porque cerraban en breve. Os gobernantes me din que teñen un par de palets de auga e eu loxicamente lles dixen que esa auga non chegaba para nada. Mentres estamos falando o concelleiro non adscrito, Sr. Cañizo Garrido, auséntase da mesa non sei se para xestionar que se comprase máis auga.

Eu lle comunico ao Sr. Parga que queremos estar informados en todo momento do traballo a realizar así como das analíticas tendo unha información detallada e de primeira man de como transcorre o proceso. Sen máis que falar quedamos a expensas da información que o goberno nos di que nos facilitará nos vindeiros días.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O 16 de agosto, vendo que non recibimos ningunha información do goberno municipal, decidimos pedir a documentación por escrito polo rexistro do concello e solicitamos unha reunión co Sr. Parga que nos foi concedida para o seguinte día, o día 17. Ese mesmo día o 17 de agosto polo tarde chego ao despacho da alcaldía eu e o concelleiro, Ángel Garrido e lle preguntamos polas analíticas das cales non tivemos ningunha resposta oficial por escrito senón palabras vacías sen ningún tipo de argumento técnico e a verdade é que saímos bastante defraudados da reunión xa que en ningún momento se nos ofreceu a posibilidade de obter de primeira man unha información real da situación da auga municipal.

Sabendo a desconfianza que se estaba a crear polo goberno municipal de cara aos veciños e veciñas pola falta de información, que a día de hoxe segue existindo, de aí este pleno... só se nos dixo que desde o goberno municipal se estaba a pelexar para que Sanidade deixase abrir a auga por zonas, había unhas zonas que daban ben e outras que non pero Sanidade naquel momento só deixaba abrir o circuíto se estaba todo ben.

É o 25 de agosto, cando se abren as primeiras zonas que son as que dependen do depósito de Pedra Queimada, con un bando, sen ningún tipo de resultado, sen ningunha das tres analíticas necesarias para abrir con seguridade, por que non se fixeron públicas as analíticas? Por que non se publican co bando esas tres analíticas que demostran que a auga está ben para que non haxa desconfianza?. Porque despois hai cousas incongruentes se a auga está ben: por que se segue a repartir a auga na Casa do Concello á xente que viven nesas zonas nas que xa non é necesario... e tamén se segue repartido á hostalaría auga embotellada...?

O seguinte bando informativo sobre a auga foi o 2 de setembro declarando zonas abertas as que dependen do depósito das Papeiras, tamén coma antes sen ningún tipo de dato público, sen unha analítica para que os veciños podan confiar. Como é lóxico desde ese día nesas zonas xa non hai reparto de auga embotellada.

O 3 de outubro queda aberta a auga municipal para o consumo humano en todo o concello e se corta o reparto de auga embotellada.

Como sabemos todos, desde que auga quedou aberta para o consumo xerouse unha desconfianza xeneralizada en todo o municipio xa que a falta de información, a turbidez da auga, o cheiro... e as queixas dos veciños e veciñas eran múltiples. Aínda hoxe, o sabemos todos, a xente vai as fontes para poder facer de comer, non só os veciños de a pé senón tamén concelleiros do goberno, iso é desconfianza.

A desconfianza ben por culpa vosa, por falta de información, nós entendemos que o tema da auga por un fallo humano... isto lle pode pasar a calquera ... iso non o botamos en cara, o que si: a mala xestión, a falta de información e a desconfianza xerada na veciñanza.

Esa desconfianza non é infundada, a primeira vez que a auga deu mal foi o 7 de xuño, non se informou ata un 13 de agosto, cando en ningún momento houbo unha analítica pública. Nós desde o primeiro momento buscamos que a información fose pública, non buscamos culpables, sempre buscamos que os veciños estivesen informados. A auga é un ben público, un ben necesario para a vida humana, é necesario que un organismo municipal sexa consciente de isto, e debería existir total transparencia



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

para os veciños e veciñas. A información aportada por este goberno foi tardía e faltan datos. Vostedes dixeron na prensa que se estaban a facer analíticas diarias do estado da auga, aquí non están esas analíticas, aquí non están as tres analíticas favorables para poder abrir, aquí falta información.

Por que non se tomaron medidas de control? Por que non se fan as analíticas públicas? Por que as fontes publicas dos parques infantís do Paseo Marítimo nin se cerraron nin se informou que non se podía beber?

Non houbo explicación do proceso, nin das medidas tomadas polo goberno e realmente ninguén sabe mais que vós como está a auga.

Este pleno extraordinario é para que os veciños e veciñas teñan a información de primeira man pero non só de palabra, senón as analíticas.

Repito lle pode pasar a calquera, pode ser un fallo humano, é certo pero os veciños e veciñas somos máis listos que para dicir que as analíticas non se fan públicas por se se interpretan mal ou os veciños non as van saber interpretar, é certo que ao mellor non temos os estudos biolóxicos que ten o goberno... pero sabemos ler e podemos interpretar os datos ou preguntar como se interpretan os datos, agora que se lle diga ao pobo que as analíticas non se dan porque non somos quen de interpretalas... tontos non somos.

É certo que nunha zona 20 días despois de abrir ou 25 hai unha analítica que di que esa zona ten auga non potable? É certo?”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Non sei, eu cando abrín hai tres analíticas que din que si, e iso o di Sanidade. A potestade para abrir é miña, Sanidade só te di que podes abrir porque cumpres cos requisitos e ti como alcalde decides abrila ou mantela pechada. Se cumpres os requisitos que di Sanidade... aquí estamos co seguimento que nós fai Sanidade desde o principio ata o final que se cerra a incidencia, e aínda agora está Sanidade encima polo proceso que houbo, se normalmente cada dous meses hai que facer un barrido agora cada semana ou dous semanas se están a facer analíticas.

Nós só abrimos co permiso de Sanidade, a responsabilidade é do alcalde, non vas abrir a auga ao consumo sen que Sanidade te diga que podes fácelo, estás baixo vixilancia de Sanidade, e Sanidade non te deixa abrir mentres non sexa apta para o consumo. Por iso cando decidín que tiñamos que cerrar, porque non eramos capaces de controlar e restablecer a normalidade, foi Sanidade. Nós somos os que xestionamos a auga pero está Sanidade que no momento que houbo un incumprimento, quen manda e Sanidade..., desde o momento que Sanidade di que hai que cortar a auga porque non é apta para o consumo humano quen fai as analíticas e Sanidade, quen decide cando se abre é Sanidade, non é o concello, non é o alcalde é Sanidade. O que non te di Sanidade cando é apta: abra vostede, porque esa responsabilidade a traslada ao alcalde... pero diche que si, porque senón dite que non a abras”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Daquela o alcalde é o responsable, tes conciencia de que hai unha zona de Malpica que unha analítica di, despois de 20 días de abrir a auga, que non é potable, vostede é consciente diso?”



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Sr. Alcalde-Presidente: “Eu esa analítica non sei, se me a ensinas e me dis cal é, eu sei que é apta é máis xa se pasou outra vez o proceso de Sanidade e non consta”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Hai unha analítica no rexistro do concello que fixo unha persoa privada vinte días despois de abrir unha zona...”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Un momento, que acabas de dicir? Que unha persoa privada fixo unha analítica e ti traes aquí... vostede basease nesa analítica para dicir que houbo un día que non se cumpriu?”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Vinte días despois de que esa zona estivese aberta, parece ser que entrou polo rexistro do concello unha analítica dunha empresa biolóxica, onde indican que nunha zona a auga non é potable. A empresa pode dicir que a auga había que cortala ao momento”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Non sabes... te contaron as cousas a metade. Aquí pode calquera facer unha analítica pero o análise da auga ten un protocolo específico, unha forma de fácelo... iso que vostede di é unha explotación gandeira”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Daquela vostede é consciente”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Vostede non sabe nin por que o está dicindo, a explotación gandeira fixo unha analítica, esa analítica chegou aquí, nós a nosa empresa se lle comunicou, ademais non é polos trihalometanos e por cloriformes, ven dicindo que non chega o cloro na auga, que nos pasa a nós moitas veces cando ven Sanidade a analizar e collen a billa a abren e non deixan correr a auga, e non dá suficiente cloro e vai a hora seguinte, debe sabelo que foi alcalde, e se fan as probas e dá ben, porque se cadra a billa non a flamean... por iso a teñen que coller os especialistas.

Nese caso se lle dixo a nosa empresa, que é a que está autorizada, se lle dixo vaia vostede, comprobe, porque é a chegada de cloro, vaia vostede alí e faga as análíticas pertinentes, se expediu un certificado para Medio Rural, non son os trihalometanos, foi que non chegaba suficiente cloro... e moitas veces é como colles a mostra. As empresas que veñen están autorizadas, traen recipientes especiais, sabe como collela, onde collela... e iso foi o que pasou.

Aquí consta, nos cadros de analíticas, que todo está perfecto, pode haber variacións pero non é agora levamos así moitísimo tempo”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Agora me di que ten constancia”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Vostede está dicindo que non é apta pero non é real, é que lle falta cloro, como se hai exceso de cloro, incumpre un parámetro pero non para cortar a auga, hai que ter moito coidado co que se di, porque cando non sabemos e



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

expresamos publicamente este tipo de cousas creas incerteza á xente. Eu o digo por iso, non o digo por outra cousa”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Primeiro dixeches que non sabías nada... que non te acordabas, agora xa te acordas... que o ten que facer unha empresa especializada, a analítica a fixo unha empresa especializada...”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Nós temos unha empresa aquí, que a contratou vostede, eu fíome do que di a empresa e dime o que hai e o que non hai, eu non son experto, eu baséome en empresas especializadas, hai unha empresa que nos asesora... había unha empresa e vostedes a cambiaron, a empresa actuou de marabilla, pero vostedes non lle tiñan contratado asesoramento técnico, vostede saberá”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Foi Cañizo”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “A min a empresa me dixo que falara con vostede”.

Cruce de intervencións entre os membros da corporación en relación a contratación coa empresa.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Vostede dubida da analítica dunha empresa especializada, critica a unha empresa que di que a auga non é potable, iso é o que estamos discutindo agora aquí. Esta desconfianza toda pasa por non ser informado o pobo, o pobo non confía en vós nin na vosa palabra e iso foi por falta de información, información que buscamos desde o primeiro momento e non nola destes, pero non só polo partido político senón pola xente. Dicides que auga se pode beber, dicides na radio que hai analíticas diarias... se te traio auga a bebes aquí?”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Non hai problema ningún”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “A xente segue indo as fontes para facer de comer pola falta de información, isto, repito, lle pode pasar a calquera o que non lle pode pasar a calquera é a mala xestión, sen información... se a xente non lle falas, non lle informas, non lle dis o que hai... a xente non confía na súa palabra, nin na súa nin na de ninguén nese cargo e a xente está desconfiada, e por iso pedimos este pleno”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Bos días a todos e a todas. Primeiro de todo agradecer ao público presente neste pleno extraordinario a súa asistencia, a pesares da hora á que vostedes o convocaron, cousa que desde o BNG estamos en desacordo posto que este horario non axuda precisamente a que a cidadanía de Malpica se achegue a informarse de todo o acontecido durante a crise sanitaria polo abastecemento da auga desde o 17 de xuño, porque hai que dicir que a alarma sanitaria comeza o 17 de xuño coa notificación por parte da Xunta de incumprimento dos valores de trihalometanos en dous puntos.

Queremos reiterar, pois, que a cultura democrática que o grupo de goberno demostra convocando este pleno extraordinario para as 8:30 da mañá, non axuda a que



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

os veciños e veciñas se acheguen a informarse do acontecido, aínda que quizais sexa precisamente o que o seu grupo de goberno busca convocando o pleno a esta hora.

Desde o primeiro momento no que nos convocan a unha reunión no Concello, o 13 de agosto, para informarnos da alerta sanitaria, a nosa postura foi sempre a mesma: poñer todos os recursos e dirixir todos os esforzos por parte do Concello a arranxar o antes posible o problema da auga, o tempo de buscar culpables e/ou detectar mala praxe virá despois, así como facer propostas para a mellora no subministro e tratamento da auga, como poderían ser: a realización dun estudo de enxeñaría para a modernización e mellora na ETAP de Ponte Berrón; a mellora dos depósitos e da rede de subministro; o estudo da posibilidade doutros tipos de depuración máis modernos e eficaces; o estudo da posibilidade de novas captacións de auga como por exemplo novos mananciais, a posibilidade de realizar un embalse, ou outras captacións que complementen a ETAP de Ponte Berrón.

Tamén canto ao reparto de auga criticamos a xestión realizada polo goberno municipal xa que, ao noso entender, houbo varias deficiencias: discriminación, xa que aos negocios repartíuselle auga a domicilio e, sen embargo, moitos veciños e veciñas das parroquias do noso concello tiveron que desprazarse varios quilómetros polos seus medios para conseguir auga; a escasa cantidade de auga entregada a cada cidadá; só se avisaba do reparto nas redes sociais do concello, deixando sen información a unha parte da poboación; a existencia dun só punto de reparto en cada parroquia, o que obrigaba á veciñanza a percorrer varios quilómetros.

Neste caso, tamén trasladamos ao grupo de goberno as nosas propostas para poder mellorar a xestión do reparto, tales como: facilitar un número de teléfono ao que puideran chamar as persoas que por calquera circunstancia non puideran achegarse aos puntos de reparto de auga, e fose o Concello quen as achegase ao seu domicilio e establecer varios puntos de entrega en cada parroquia, posto que hai veciños e veciñas que tiñan que percorrer varios quilómetros e non todos dispoñen de medios de transporte para poder recoller a auga.

Chegados a este punto, desde o BNG de Malpica cremos que diante dunha crise sanitaria, o noso deber e responsabilidade política cara a veciñanza do noso concello é buscar propostas e aportar solucións para poñerlle remedio aos problemas que xurdan, e non como fixeron vostedes estando na oposición cando en plena pandemia pola COVID, o único que fixeron foi criticar, reprobar e incluso diría difamar moitas das decisións que se tiveron que tomar nunha situación anómala e imprevisible, con cambios de normas constantes.

Vostedes non aportaron ningunha proposta, esa é a gran diferenza. Desde o BNG aportamos propostas para o beneficio e mellora da vida dos nosos veciños e veciñas, e vostedes só pensaban en sacar réditos políticos dunha crise sanitaria. Vostedes dicían que non queríamos traballar, e eu por respecto non vou dicir o mesmo de todos vostedes, non os imos meter a todos no mesmo saco.

Por outra banda, en canto ao informe que nos entregaron vostedes en relación á incidencia de trihalometanos no abastecemento da auga de Malpica: Quen xestionou as accións a levar a cabo por parte do Concello, vostede ou o Sr. Cañizo?;



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Sr. Alcalde-Presidente: “No tema de levar o auga estivo o Sr. Cañizo e no tema da xestión da ETAP eu persoalmente”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Quen estivo en contacto coa empresa que levou a cabo os traballos e coa empresa que realizou as análíticas? E coa Consellería de Sanidade e con Augas de Galiza?”

O Sr. Alcalde-Presidente: “Eu”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Recordarlle que ten un concelleiro ao que vostede lle delegou as competencias das Concellerías de Servizos, Seguridade Cidadá, Tráfico, Medio Rural, Mar, Turismo e Festexos, cunha retribución de 36.000€ anuais. Recordarlle que, vostede, nunha Resolución de Alcaldía, fai unha concreción das seguintes materias correspondentes á Concellería delegada de Servizos, na que di: “*Servicios comprende: entre outras materias abastecemento domiciliario de auga potable*”.

Polo tanto, se foi vostede quen xestionou esta crise sanitaria do abastecemento da auga, para que quere un concelleiro que está cobrando un soldo de 36.000 € anuais e que non atende as súas áreas de goberno? Criticaban vostedes ao anterior grupo de goberno dicindo que era o Sr. Cañizo quen mandaba e que facía o que quería, cousa máis ca lonxe da realidade, e agora que o teñen de socio de goberno si que se demostra que son vostedes os reféns políticos do Sr. Cañizo.

Por outra banda analizando os informes da incidencia de trihalometanos no abastecemento de auga no Concello de Malpica, sacamos estas conclusións:

Nunha acta de control de inspección rutinaria das instalacións e rede de abastecemento realizada o 9 de xuño detéctanse unha serie de incidencias, que poñen de manifesto unha total despreocupación e abandono na xestión e mantemento das instalacións e da rede de abastecemento, reflexándose nesta acta ata quince incidencias ou non conformidades.

O 17 de xuño do 2022 o Concello recibe a notificación de incumprimento de valores de trihalometanos na billa exterior da escola A Raxeira e na billa interior de bombeo da estrada de Malpica.

Doce días despois, o 29 de xuño, a análise da auga dá un aumento nos valores de trihalometanos.

O 5 de xullo, o laboratorio de Análise e Servizo de Augas (ASAG) emite informes e as medidas que se deben adoptar, estas medida son: limpeza de todos os depósitos, comezando polo decantador, depósitos de cabeceira e depósitos de distribución, nesa orde; renovación da auga da rede de distribución e indicar datas para a realización de cada unha das limpezas para poder realizar controis en cada un dos depósitos.

O 18 de xullo, é dicir, trece días despois de que o laboratorio emitira as medidas que se debían tomar, o Concello comunícalle que se limpará o decantador e o depósito de Pedra Queimada.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O 28 de xullo, 23 días despois de emitir as medidas a adoptar, faise a limpeza do depósito das Papeiras.

O 11 de agosto, 35 días despois da emisión das medidas por parte do laboratorio, realízase a limpeza do depósito de Monte Neme.

O 13 de agosto, a Consellería de Sanidade comúncalle ao Concello de Malpica que a auga da rede de abastecemento non era apta para o consumo humano, polo que deberían comunicarlle á poboación que non se pode consumir.

Vemos, por tanto, que desde a primeira incidencia rexistrada o 17 de xuño ata que se declara a alerta sanitaria o 13 de agosto, pasaron case dous meses nos que houbo unha despreocupación por parte do Concello e un retraso na toma de decisións á hora de atallar o problema e de información á veciñanza, e non foi ata que a Consellería de Sanidade lles obrigou a informar á poboación de que a auga non era apta para o consumo, cando vostedes se deron conta da verdadeira gravidade da situación.

Desde o BNG esperamos que tomen as medidas adecuadas para que esta situación non se volva repetir, e terán sempre a nosa colaboración para todo o que sexa a mellora dun ben tan prezado e básico para a saúde dos veciños e veciñas de Malpica como o é a auga”.

O concelleiro non adscrito, Sr. Cañizo Garrido: “Unicamente dicir que se cumpriu co que había que cumprir, cando as analíticas estaban mal cortouse a auga e comunicouse que non era apta para o consumo, cando deron ben se comunicou que era apta para o consumo.

O grupo socialista está buscando a mala xestión, que se fixo todo mal que non se informou aos veciños... Eu vivín dúas crises dos trihalometanos, vivín unha no 2008, non se fixo pública ningunha analítica tampouco, non é necesario. Naquel momento a xestión fíxose doutra maneira, púxose un camiión cisterna para que a xente puidera vir buscar a auga, esta vez actuouse doutra maneira, conseguiuase auga embotellada, non toda a que se quixera porque a auga non está almacenada en ningún almacén senón que a envasan diariamente.

O grupo socialista perdeu unha ocasión tremenda, porque anda buscando rédito político nunha desgraza que pasou, en vez de andar buscando as analíticas puido chamar á Deputación porque a teñen, para que subministrase a auga, aquí ninguén veu xunto nós dicir podemos axudar, podemos facer algo, simplemente: queremos as analíticas e que se dea á xente as analíticas.

Di que a xente ten desconfianza, aquí o único que está xerando desconfianza é o grupo socialista. Á xente se lle comunica desde o concello cando a auga se pode usar e cando non. Despois se a auga sae turbia, non quere dicir que teña ningún efecto para a saúde...

Nada máis, unicamente dicir que se cumpriron os requisitos que hai que cumprir, que se repartiu auga o mellor que se puido, que se puido facer mellor... todo é susceptible de mellorar, desde o primeiro momento houbo auga embotellada para repartir, se limparon os depósitos desde o primeiro momento, as instalacións son as que



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

son, haberá que intentar melloralas, reformalas, iso xa é cousa de instancias superiores que terán que colaborar”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Como xa expliquei no último pleno ordinario a preguntas do PSOE sobre o tema dos trihalometanos na auga do concello, direi que non hai nada novo respecto aquelas explicacións, xa informei minuciosamente do que fixemos desde o primeiro momento no que xurdiu este problema, aquí no pleno de setembro a unha pregunta do PSOE. Nese pleno se explicou todo, se cadra sen fechas porque non as tiña naquel momento pero é algo que non se pode esconder.

Vexo que o PSOE despois de obter información neste mesmo pleno e de obtela anteriormente. tamén, quere quitar rédito político dun tema tan sensible como é o da auga.

O 7 de xuño se fai cun control rutinario de analíticas no depósito de Monte Neme e na billa interior de bombeo da estrada de Malpica.

O 17 de xuño nos comunican que esas analíticas dese depósito e desa billa dan que teñen os trihalometanos altos, a consecuencia dese comunicado decídese que hai que empezar co lavado do depósito e purgado da rede para solucionar o problema. En Monte Neme, que foi analítica que tiña Sanidade. Onde empezou o problema foi en Monte Neme, onde máis se traballou foi no Monte Neme e o último en darse de alta foi o Monte Neme.

Dise que hai que proceder ao lavado do depósito e ao purgado da rede para solucionar o problema, isto non o inventamos nós, son protocolos establecidos desde Sanidade. Se fai un control a todos os depósitos e se decide que temos que limpar todo o sistema empezando polo decantador, aí se decide, nunha reunión, que deberíamos empezar do decantador hacia arriba xa que a auga ven de Ponte Berrón e vale de pouco limpar Papeiras ou Pedra Queimada se ven a auga contaminada desde a ETAP, e tamén se decide o purgado da rede e mellorar o sistema de clorado.

O día 13 de agosto, sábado, me comunican que a auga non é apta para o consumo humano. Desde o día 17 de xuño ata o 13 de agosto non hai ningún escrito. Me puxen en contacto cos voceiros dos partidos da oposición, o PSOE o BNG, para darlles a información que tiña e comunicar que tiñamos que prohibir o consumo da auga porque non era potable polos trihaometanos. Quedei cos voceiros que o primeiro que iamos facer era conseguir auga embotellada para darlle aos veciños, algo que conseguimos, pois ás poucas horas xa tiñamos un camiión de auga e xa a podíamos dar aos locais de hostalería, que tiñan que empezar dar as ceas, e empezar a dar auga á xente. Lles comentei aos voceiros que os tería informados e que cando terminase esta incidencia se faría un informe no que se recollería toda a información, cando terminase a incidencia.

A partir dese día desde o concello puxemos toda a infraestrutura para poder solucionar o problema o máis rápido posible xa que, ademais, dos nosos veciños era época do verán, cunha poboación en Malpica de máis do dobre. Se puxo un servizo coa nosa xente para poder levar aos bares, restaurantes e a poboación a auga todos os días, por outro lado, se seguiu traballando para solucionar o tema da contaminación da auga.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O concello pide á Xefa Territorial de Sanidade que se convoque unha reunión en Santiago con todos os departamentos que sexan necesarios para poder resolver o problema. Nos reunimos o 18 de agosto pola mañá, asistimos á reunión a Xefa Territorial de Sanidade, Cristina Pérez, a Directora Xeral de Sanidade Pública, o Xerente de Augas de Galicia, o Xefe de Sección Ambiental, o Xefe de Servizo, técnica de Augas de Galicia, técnica da empresa ASAG, a nosa, o noso empregado de augas e eu. Nesta reunión se acordan varias cuestións: cambio de areiros nos filtros da ETAP; cambio no sistema de clorado do decantador; no depósito de Pedra Queimada se fixo un bypass para que se pódese mandar a auga sen colorar ao depósito das Papeiras; fixemos unha obra no depósito do Monte Neme para poder poñer un sistema de clorado no propio depósito e así evitar o rechlorado e tamén se fixo unha cheminea de aireado para que o aire circulase. Quedamos, xa a máis largo prazo, de facer un decantador, xa está encargado o proxecto, se está traballando nel. Se estivo estudando outras formas para poder captar a auga: analizáronse as balsas de Cerámicas O Progreso, deu que son aptas para o consumo humano e tamén se mirou a fonte que subministraba auga a Portos de Galicia, que se podería usar directamente ao depósito de Pedra Queimada.

A partir diso se empeza a controlar a situación, non sen esforzo, para poder dar subministro de auga as nosos veciños. O 25 de agosto se abre ao consumo o depósito de Pedra Queimada, que representa a maior parte da poboación, o 2 de setembro ábrese o depósito das Papeiras, así o 80% da poboación tiña restablecido o subministro. O 13 de outubro se consegue controlar Monte Neme e Monte Nariga, o que máis problemas dá e Monte Neme.

Esperando que este problema non se volva producir imos mellorar a ETAP, encargouse a unha empresa de enxeñería, que traballa para Augas de Galicia, que fixera un estudo de que problemas tiña e que se podía mellorar.

Quero agradecer ao BNG que se mantivera naquilo que se quedara naquela reunión para que nos deixara traballar, se hai algo que reclamar é aquí pero polo menos deixounos traballar.

O PSOE xa foi outra cousa, sobre o tema do escurantismo deste goberno e sobre que non lle damos información direi que minto como sempre. Cando me reunín con vostede e co BNG expuxen o que estaba a acontecer, lles dixen naquel momento que os tería informados e que cando se resolvese o problema se faría un informe detallado con todo o acontecido. Vostede non tardou nin tres días, o día 16 de agosto presentou un escrito solicitando información por escrito, sabendo que había tres días na reunión lles dixera que non lla ía proporcionar ata que acabara a incidencia. Vostede uns días máis tarde me chama para dicir que quere ter unha reunión comigo para que lle informara como estaba a situación e que se estaba a facer. O convoquei ao día seguinte pola tarde e acudiu vostede e concelleiro, Ángel, nese momento lle dixen máis ou menos o que lle dixera facía tres días.

O día 23 de agosto me chama para dicir que quería ter unha reunión comigo, que había un tempo que non se lles informaba de nada, lle digo que pode vir xa ese mesmo día aquí, lle contesto: “vente xa”, e vostede me di que non pode vir porque está traballando. Poñemos a reunión para o día 24 para as seis da tarde, miña sorpresa é cando vexo nas súas redes sociais, ese mesmo día á noite, unha crítica na que se di que hai escurantismo por parte do concello, algo que é mentira porque acababamos de



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

quedar sen ningún problema. Ao día seguinte, vendo o que hai, decido que con vostede só se poden facer as cousas por escrito, e lle comunico que a reunión pasaría a ser o día 25 ás 10:30 horas na alcaldía a cal se invita tamén ao voceiro do BNG. O día 25 ven só o voceiro do BNG e ninguén do PSOE.

O 9 de setembro entra un escrito do PSOE solicitando unha documentación sobre o tema da auga, o 14 de setembro, antes do pleno ordinario, se dita a resolución pola que se autoriza o acceso á documentación, ese mesmo día se fai a notificación para que o 10 de outubro pódese pasar a recollela. Me sorprende que pregunte que cando pode vir recoller a documentación, cando vostede tiña unha notificación que dicía que era o 10 de outubro, o mesmo día que chamou para preguntar, podía ser que non tivese idea de que tiña que pasar recoller a documentación igual que pasou cando solicitou a documentación dos expedientes do pleno de xullo e se lle sinalou que o 16 de setembro podería pasar recollela, e hoxe 7 de novembro aínda non pasou, podería pasar.

Sobre a non publicación das analíticas é surrealista, xa que cando se nos di que temos que comunicar a poboación que auga non é apta para o consumo..., a miña pregunta é: no tempo que estivo ao fronte do concello publicou as analíticas de auga algunha vez?. Nós entendemos que publicar as analíticas pode producir máis desinformación que información porque hai que saber interpretalas algo que maioría da poboación non sabe. Ademais, as analíticas están todas publicadas na páxina SINAC e son publicas. Vostede ve algún concello que publique as analíticas? Vostede estivo dous anos e medio de alcalde: publicou algunha vez as analíticas? A resposta é non.

Vostede o único que fixo foi tentar crear unha inquietude nos veciños para usalo politicamente, algo que é repugnante.

Sobre a turbidez, non ten nada que ver co da contaminación, cando sufrimos o problema o río levaba moi pouco auga, persoal deste concello tivo que estar xunto as bombas nunha silla para bombear cando había auga e cando non, cortar, para que non se xerará turbidez e non se extraerá sedimentación. Así estiveron todo o mes para que tiveramos auga, non a podíamos beber pero a tiñamos, non coma noutros lados. En Malpica nunca faltou a auga e foi gracias á labor que fixo o noso persoal e mais a empresa que temos contratada.

O chupón do río estivo ao descuberto este ano, o da turbidez durante o ano e durante o inverno xurde moitísimas veces, porque os decantadores cando non dan feito hai unha forma de acelerar o pouso, que é fluctuar, metendo unha materia e iso hai que fácelo moi controlado ... se fluctuas moito tes moito aluminio e te pasas do que sería aconsellable. A turbidez non ten nada que ver cos trihalometanos. Os trihalometanos é porque o río vai moi baixo é ao clorar fai a reacción química e iso é o que tivemos por desgraza este ano. Esperamos ir corrixindo e ir facendo as obras necesarias para que isto non volva pasar.

Puntualmente os trihalometanos os ten habido, puntualmente, e o protocolo é que no momento que saltan: baleirar o depósito, limpar e purgar a rede e volver encher o depósito. Tardamos tanto en fácelo por unha sinxela razón, nós temos catro depósitos que non están compartimentados quitando o de Monte Neme, os principais como pode ser o de Pedra Queimada, de Papeiras e o de Barizo, que ten unha capacidade como o de Pedra Queimada... cada vez que hai que limpar e limpouse durante este mes, se limpou



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

tres ou catro veces, auga tirouse moitísima... Entón para ter auga, tiñamos unha poboación duplicada, tiñamos que combinar que o río tivese auga para volver meter no depósito e para poder limpar a rede, e todo iso se foi facendo segundo puidemos, Sanidade entendía que nos levara tempo pero como hai uns marxes... chegou un momento que Sanidade veu que non se daba controlado... Nós actuamos sempre como dixó Sanidade.

Escurantismo? Nós sempre dixemos o mesmo aos periódicos, á televisión, á radio ... o problema dos trihalometanos que dá superior, non pode subir de 100, dá igual que dea 150 ou 200, a incidencia é a mesma, no momento que te din que cortes tanto dá, como se tes 600, hai que cortar e quen o decide e Sanidade, desde o día 17 ata o 13 non hai comunicación ningunha porque nos deixan traballar e en todo momento se comunican as analíticas. Non é algo político, isto é algo técnico, ti tomas a decisión final pero quen te di son os técnicos, hai que facer isto, hai que facer aquilo...

Aquí non se tentou ocultar nada... pero se vostedes ven escurantismo... con declaracións diarias...

Sobre a empresa, vostedes contrataron a empresa, pero a miña sorpresa ... e volvo dicir que é unha empresa chapó, fixo un traballo marabilloso, pero o que critico é que contratou medir os contadores e as analíticas, non contratou asesoramento técnico sobre a ETAP, o contratei eu, a razón de que pasou isto, porque eu pensei que eran eles xa os que o levaban”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Vostede di que tentamos sacar rédito político, o que se buscou desde o primeiro día foi que se informase á poboación de todo o que estaba a acontecer, xa tiña que saír de vós unha rolda de prensa ou un evento público explicando á xente como estaba a auga, as analíticas da auga,... pero non o fixestes. Nós emitimos un comunicado público para ofrecer a nosa axuda ao goberno ou axuda para o que fixera falta pero nunca se nos chamou.

Agora intentades buscar culpables... agora buscades meternos a culpa e vós sodes os responsables desta crise sanitaria e vós sodes os responsables da desconfianza xerada para os veciños e veciñas deste municipio, aparte das faltas de respecto continuadas hacia o noso grupo político, por exemplo: desde a concellaría da Sra. Blanco Gorín que emite comunicados chamándonos mentireiros e pinochos e vostede acaba de chamarnos mentireiros outra vez ...iso é a política vosa. Non é só a nós senón tamén a xente do pobo que fai crítica dunha acción, os chamades por teléfono ameazando, tanto persoalmente como por teléfono”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Dicide nomes”.

Prodúcese unha intervención por parte do público asistente á sesión, sendo chamado ao orde pola alcaldía. O Sr. Alcalde-Presidente se dirixe ao voceiro do PSdeG-PSOE para que continúe coa súa intervención.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Hai falta de respecto hacia o noso grupo político e tamén hacia os veciños e veciñas deste concello e está máis que demostrado.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Estades gobernando vós, pedimos que gobernades con claridade e transparencia para os veciños, e non o estades facendo, sede consecuentes cos vosos actos, para mellorar hai que aceptar as críticas, que non aceptades, un goberno competente necesita saber aceptar críticas, firmastes unha moción por inacción do goberno por falta de transparencia, por abuso de poder... *“dicho gobierno se compromete a desarrollar unha acción política cuya única finalidad sea el bienestar de los vecinos y vecinas...”*

Hai que dar información de cara aos veciños, foi o que pedimos nós desde o primeiro día, tiña que saír de vós e non o fixestes. Se non sodes capaces de ser transparentes cos veciños e veciñas deste concello ... esta máis que demostrado que non o sodes ... os dedicades a insultar, a chamarnos mentireiros ... e incluso á xente do pobo que non está a favor vosa.

Transparencia e claridade, señores, hai que ser serios o pobo é moito máis listo do que acaba vostede de dicir... alarma social... dea as analíticas e xa se interpretarán ... claridade e transparencia é o que pedimos. Claridade e transparencia é o que pedimos pero se é certo que hai unha zona en Malpica na que a auga non é potable, e vostede é certo que é consciente que esa auga non era potable, vostede se iso é verdade debería de dimitir.

Cando veño pola documentación un funcionario público me di que si quero coller a documentación teño que firmar este papel, que di: *“D. Walter Pardo Añón pola presente fago constar: que no día de hoxe se me entregan as copias solicitadas por min en data ... e cuxo libramento foi autorizado pola Resolución da Alcaldía... que me comprometo de conformidade co establecido no art. 16.3 do ROF a gardar reserva da información que me é facilitada así como de evitar a súa reprodución...”*, a min mo entregou un funcionario municipal, e me dixo; ten que firmar isto ou non se dá a documentación. Isto sabes que é? que non podo facer pública a documentación”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Pero iso o di a lei... pero vostede foi alcalde?”

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Faga públicas as analíticas”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Vostede recibe unha documentación e ten que xustificar que a recibe porque a saca deste concello, esa é a normativa, iso non é de agora é de hai vinte anos...”

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “A transparencia do goberno quedou demostrada cando se convoca un pleno para ás 8:30 horas da mañá”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Di vostede que a causa principal foi o escaso caudal nese momento, esa é unha causa pero non é a única, hai unha falta de mantemento das instalación como demostra o informe... na acta de inspección dise que no ano 2021 non se realiza unha análise completo no Monte Neme, os incumprimentos dos valores paramétricos nunca se confirman ás 24 ou 48 horas... a ETAP non está limpa... non se poden ver os rexistros de limpeza periódica dos depósitos...”



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

no SINAC non se cargan os boletíns no prazo de 7 días... non se acredita a formación dos operarios...

Hai moitas causas pero o que si que se ve é que hai unha falta de mantemento brutal. O informe que presenta o laboratorio na semana do 22 de agosto, xa en plena alerta sanitaria, di: *“revísanse os paneis de control dos depósitos, calíbranse e pídense presupostos das sondas e dosificadores que non funcionan de forma correcta...”*, hai unha deixadez total, que non digo que sexa de agora, que virá de fai de moitos anos pero son cousas que hai que arranxar”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Vostede mesmo di que a acta é do ano 2021, están vostedes tamén.

As inversións feitas mentres nós estivemos aquí foi de máis de 200.000 € na ETAP, instalouse a tubaría exterior..., cambiáronse as tres bombas impulsoras..., automatizouse a planta, deuse formación ao traballadores,... hoxe en día poden estar vendo desde a casa se baixan os depósitos se hai unha parada...

Desde que nós estamos aquí, hai un ano e pico, se cambiaron catro bombas.

Agora temos que pagar o que fixemos e hai que facer a inversión, cando teñamos o proxecto e buscar financiamento, para o decantador. A ETAP na época que se fixo era do máis moderno, tiña un consumo moi inferior ao que temos hoxe porque non estaba toda a poboación enganchada á rede... agora o decantador por desgraza... en verán a poboación duplicase, o decantador agora queda pequeno, a solución é facer un decantador novo e cando empece a funcionar o decantador novo arranxar o existente e ter dous non un.

Colocouse a bomba dosificadora no Monte Neme foron 2.500 €... cambio de areeiros 20.000 €... faltan facturas por chegar... ademais do consumo eléctrico.

Sempre se vós dixo o que tiñamos, sempre se falou do mesmo, estamos falando outra vez do mesmo, o problema dos trihalometanos, foi un problema do río en si porque se tivera caudal suficiente non teriamos este problema así. Buscáronse outras captacións, hainas, son accesibles, hai que falar con Augas de Galicia para os permisos, hai falar con Cerámicas O Progreso... despois está a fonte de Pedra Queimada que subministraba a Portos de Galicia...

As analíticas non se trata de que as poñas ou deixes de poñer, as analíticas, volvo dicir, ningún concello as publica se non é no SINAC, vostede estivo como alcalde, nunca publicou unha analítica e nós seguimos o protocolo establecido, non nos inventamos nada. Cando houbo o problema no 2008 dos trihalometanos non se publicou a analítica”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Os datos si”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Que datos?”

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Os datos dos trihalometanos naquel momento”.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Sr. Alcalde-Presidente: “Os protocolos están establecidos, veñen de antigo, nos os inventa a corporación”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Non ten que ser o mesmo que fai 25 anos”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “... cantidades si que se puxeron sabendo que o máximo permitido eran 150”.

O concelleiro non adscrito, Sr. Cañizo Garrido: “Iso é o periódico”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “La Voz de Galicia, os datos os tivo que dar o concello... vostedes non deron ningunha información”.

Cruce de intervencións entre os membros da corporación.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Este cadro que deron son as analíticas que hai? Di que deron de alta Pedra Queimada dando tres analíticas ben, hai o 19 de agosto, o 21 de agosto e o 24 de agosto, aquí hai dúas analíticas ben e unha mal”.

Novo cruce de intervencións entre os membros da corporación.

O Sr. Alcalde-Presidente: “O informe non o fixen eu que o fixo a empresa que levou a xestión.

Ao voceiro do PSOE lle teño que chamar a atención porque non é quen de chamar a unha empresa que traballa para o concello para pedirlle que lles pasen unhas informacións ou lle dea documentación, vostede está na oposición...”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Eu son quen de chamar a que me dea a gana..”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Non podes, non podes, ti cres que lle podes dicir a unha empresa que traballa para o concello: quero que me pases máis información?”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Dixen se podes e non te causa ningún tipo de problema e como non confío no goberno actual como o resto dos veciños gustaríame saber se as analíticas que tes están neste informe. Despois esa traballadora falou con vostede e lle dixo que veña pedilo polos cauces legais, aquí non hai analíticas de todos os días, e só me faltaría que se me prohiba como no franquismo falar con quen me dea a gana”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Eu non che prohibo, só digo que só se te ocorre a ti chamar a unha empresa que traballa para o concello para que te dea información do concello”.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Aquí hai cousas que non concordan, cousas que non dan, por iso se desconfía.... a xente non colle auga na billa para facer de comer.

Dicides que cando nós gobernamos non publicamos as analíticas... porque se as cousas van ben non se publica pero se hai unha crise sanitaria... saen os políticos a dar a cara.

Se estamos mirando para o pasado, para os protocolos de 2008 e se disto non aprendemos, non temos futuro, non temos capacidade para mellorar, se volve pasar o ano que ven e miramos para o 2008 que lle dicimos á xente... haberá que mellorar e aceptar críticas... haberá que aprender desas críticas... e cando hai que entoar un perdón, non pasa nada, somos humanos e todos cometemos erros...

Só se pide claridade e transparencia para os veciños”.

O concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar: “Eu admiro aos traballadores que foron repartir a auga, porque as levaron de todos os lados, aguantaron todo e agora quero saber: que concelleiro foi cos repartidores da auga explicar o porqué de dar unha botella, dúas ou ningunha? Non había nin un concelleiro xunto aos repartidores, nin un... Os traballadores estiveron aguantando a bronca dos veciños porque os políticos con dedicacións exclusivas non foron alí”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Unha pregunta Miguel: nas reunións que tiven contigo dinche a información completa que había daquela?”

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “O que había daquela, si”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Te puxen ao día de todo, pódese criticar a xestión, que entendo que todo é mellorable, pero polo que están dicindo, tiven unha reunión contigo, como BNG: oculteiche algo? A última reunión, que estaba o PSOE invitado, non veu ninguén, se cadra un non pode vir pero dos catro, pois... pode vir calquera... eu nunha reunión das que tiven contigo oculte algo?”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “A min o que informastes foi o que foi saíndo na prensa”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Segundo ese informe feito pola empresa, que detalla todos os pasos, os proceso, oculte algo diso?”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Posterior ao día 13 non ... anteriormente houbo cousas”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Anteriormente nós fixemos o que marca o protocolo con Sanidade, había un problema no Monte Neme, vaciouse e limpouse máis cinco ou seis veces, ese problema persistiu e saltou por outros sitios, acordouse que había que empezar limpar pola ETAP e vir limpando pero adecuándonos a que a poboación puidera ter auga... Non foi unha decisión política de hoxe limpade aquí e mañá alí, foi unha decisión técnica...”



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A única decisión política que se tomou respecto ao tema da auga foi cando se dixo que en Monte Neme había ese problema, dixeron: facer o que corresponda facer xa, hoxe, e ese mesmo día de noite xa se empezou. Díxose que se debería empezar pola ETAP porque de onde ven o problema é do río, pois, empezade pola ETAP e ir pasando polo circuíto ata arriba, iso foi a miña decisión, o resto foron recomendacións técnicas.

Se traballou horas de noite, se traballou de día, se traballou un día, outro día... é de agradecer aos traballadores, iso por suposto. Non se escatimou en nada para mellorar todo isto nin se tomou unha decisión que non fora consensuada ou solicitada polas persoas que saben.

Do escurantismo volvo dicir que se convocou ás reunións... tivemos aquí as televisións todas... ata TVE, as radios todas, os periódicos... todos os días dabamos información se non era eu era Cañizo, dabamos manifestacións dicindo o que pasaba.

Que houbo equivocacións, seguro; que se puido mellorar, seguro que si; que aprendemos, seguro que si ... logo o de deixadez... eu me pregunto se algún de vós foi a ETAP nos dous anos e medio que estivo aquí, ao depósito ou ao río...".

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: "É certo que eu tiven tres reunións con vostede na alcaldía, unha o 13, outra o 19 e unha o 26, o 13 informou da alarma sanitaria e o 19 e 26 informou das medidas que estaban tomando ou tiñan pensando tomar, ben é certo que eu xa as sabía porque saíran na prensa.

Pero certa deixadez se que houbo porque desde o 17 de xuño que se fai o informe de incumprimento da ETAP, o 5 de xullo que a empresa di o que teñen que facer, tardan 13 días en limpar o decantador, tardan 23 días... ata que salta a alarma sanitaria, ata que a Xunta de Galicia lle di que ten que cortar a auga e informar a poboación que non é apta para o consumo humano, aí é cando son verdadeiramente conscientes da situación na que están".

O Sr. Alcalde-Presidente: "Sabe por que Sanidade decide que hai que cortar? Onde nace o problema é no Monte Neme e como non dabamos pechado a incidencia do Monte Neme porque non eramos capaces e despois se complicou coas outras incidencias, é cando din que é imposible e que hai que cerrar o circuíto. Por culpa do Monte Neme, o problema grave foi o Monte Neme, o problema que máis tempo leva foi o Monte Neme, o que máis tempo levou solucionar foi Monte Neme. A propia Sanidade dixo: os demos un tempo prudencial... había depósitos que coa limpeza melloraban como o de Pedra Queimada, melloraba e despois volvía empeorar... pero Monte Neme era imposible, era unha constante, tiña un problema: mandabamos a auga clorada para Papeiras, de Papeiras a mandabamos para Monte Neme e se rechloraba e aí era onde había o desequilibrio e era imposible controlalo. Por non cerrar a incidencia e levarnos tanto tempo foi cando se dixo: se leva coa primeira incidencia moito tempo e non sodes capaces de cerrala, hai que cerrar o circuíto e imos ver o que hai que facer en todo o circuíto porque o problema o tedes no río e hai que empezar por aí.

Volvo dicir: limpeza de decantadores, decídese limpar pero para iso hai que vaciar a auga, limpar filtros... volver a coller auga, volver a decantala e volver a metela, había veces que había auga e podíamos facer iso, pero había veces que non había auga...



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

estaban os nosos traballadores, neste caso José Manuel Cures, sentado no pozo de bombeo mirando cando podía bombear e cando non podía bombear, e así estiveron días e días e días de noite. Temos un sistema que dunha punta a outra mide 9 Km, ata agora non houbo problema porque o río tiña auga pero este ano coincidiu isto.

Temos o ETAP que temos, e a temos que modernizar, xa se lle fixeron moitas cousas nun corto espazo de tempo, agora quedan cousas que son a máis largo prazo, son grandes inversións.

Eu non me escondín de ninguén, radios, televisións... ninguén pode dicir que aquí chamaron e que chamaron e non falaron”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Vostede di que automatizou a ETAP pero logo di que había un traballador sentado nunha silla mirando.

A miña última pregunta é: sen as analíticas oficiais diante, vostede cre que os veciños e veciñas cren na vosa palabra?”.

O Sr. Alcalde-Presidente: “Non é a nosa palabra, é a palabra de Sanidade. Eu cortei a auga porque mo dixo Sanidade, e vou abrir se non mo di Sanidade? Non o cres porque non te convén.

Volvo dicir, e non o volvo repetir, nos modernizamos a ETAP e pódese modernizar moito máis. O que estou falando é unha cousa puntual, a auga ven do río, hai dous pozos pegados ao río... ao non haber auga se a bomba segue traballando revolve o fondo e crea máis materia orgánica, iso era o que había que facer de forma manual porque non hai outra maneira de fácelo, a bomba mentres teña auga, sexa moita ou pouca segue traballando, ao ser o auga escasa mandaba a materia orgánica, por iso había que mirar, se ían controlando as subidas de caudal e volvíase bombear e volvíase cortar. Conseguiuse que non se tivera que cortar a auga, gracias aos nosos traballadores que fixeron un traballo formidable e mais á empresa que temos contratada, que é de agradecerlle o que fixo aínda que non era o seu cometido”.

E non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente procede a levantala, sendo as 10:20 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

O Alcalde-Presidente,

Asd: Eduardo J. Parga Veiga

A Secretaria,

Asd: M^a Loreto López Fernández